



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Institucións e ordenamento xurídico-administrativo	Código	612G01015	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Barrio Garcia, Gonzalo	Correo electrónico	gonzalo.barrio@udc.es	
Profesorado	Aymerich Cano, Carlos Ignacio Barrio Garcia, Gonzalo Dios Vieitez, Maria Victoria Rodriguez-Arana Muñoz, Jaime Fco. Ron Romero, José	Correo electrónico	carlos.aymerich.cano@udc.es gonzalo.barrio@udc.es victoria.dios.vieitez@udc.es jaime.rodriguez-arana.munoz@udc.es j.ron@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introducción ao Dereito administrativo examinando os seus elementos estruturais, principios e o réxime xurídico que, con carácter xeral, goberna as actuacións das administracións públicas e outras entidades de dereito público nas súas relacións coa cidadanía así como no ámbito interadministrativo.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Aprender a aprender.



B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecemento das institucións curídico-administrativas	A1 A4 A7 A8 A9	B7 B8 B10 B3	C2 C4
Manexo das fontes do Dereito administrativo	A3 A9	B1	
Redacción de documentos xurídicos e administrativos	A11 A14		C1
Acceso ás normas administrativas básicas con facilidade e soltura	A6 A7 A9	B4 B5	C3
Manexo das principais ferramentas xurídico-administrativas en Internet	A13	B13	C3
Comprensión e resolución de casos prácticos e problemas xurídicos	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B10 B12	C1 C6 C8
Argumentación xurídica e exposición oral	A8 A10 A12	B7 B8	C1 C2



Lectura crítica		B8	
Coñecemento da doutrina xurídico-administrativa	A9		
Traballar de forma autónoma e colaborativa		B6 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B2 B3	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O dereito administrativo: evolución histórica e concepto.	Evolución histórica Concepto de dereito administrativo A administración pública: natureza xurídica
II. O Ordenamiento xurídico administrativo. As fontes do dereito administrativo	A Constitución española de 1978 As leis e as normas con forza de lei O regulamento
III. O principio de legalidade e as potestades administrativas.	O principio de legalidade e o dereito administrativo As potestades regradas e discrecionais e os conceptos xurídicos indeterminados
IV. Os suxeitos xurídico-públicos.	A organización das administracións públicas O sector público institucional
V. A posición xurídica do cidadán ante as Administracións Públicas	Dereitos e deberes da cidadanía nas súas relacións coas administracións públicas
VI. O acto administrativo.	Concepto. Elementos Validez e eficacia Vicios do acto administrativo
VII. O procedemento administrativo	Principios do procedemento administrativo. Fases: iniciación, instrución e terminación. Estudo especial do silencio administrativo
VIII. A revisión non xurisdiccional da actividade administrativa	Recursos administrativos Revisión de oficio

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A9 A10 A11 A14 B6 B7 B8 B11 C1 C2 C3 C4 C8	40	45	85
Estudo de casos	A3 A4 A8 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8	15	30	45
Proba mixta	A1 A7	2	0	2



Atención personalizada		18	0	18
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O recurso á lección maxistral considérase imprescindible para explicar as cuestións esenciais do Programa da asignatura. As clases maxistras servirán de foro de reflexión e análise sobre cuestións actuais do Dereito administrativo e servirán de apoio ao estudo que deberá realizar o estudante para preparar as probas de avaliación.
Estudo de casos	A realización de casos prácticos constitúe un dos aspectos máis relevantes na organización do traballo nesta asignatura. Formarán parte das explicacións do profesor e dos traballos individuais ou en grupo dos alumnos. As aprendizaxes prácticas serán unha das principais ferramentas de calificación da asignatura tanto na proba mixta como nos debates virtuais.
Proba mixta	Os estudantes deberán realizar ao remate do cuatrimestre unha proba que poderá ser de preguntas abertas de desenvolvemento dunha concreta materia do programa da asignatura ou preguntas obxectivas, ben de combinación e resposta multiple, ben de respostas breves ou de completar contidos teóricos. Esta proba poderá completarse coa realización dun caso práctico sobre os contidos do programa. Na resolución do caso práctico poderán empregarse todos os materiais docentes traballados ao longo do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Os estudantes poderán dirixirse aos profesores/as da asignatura nos días e horas sinalados para titorías e a través dos correos electrónicos que figuran nesta guía, facendo constar no asunto a palabra TITORÍA. Non se admitirán mensaxes de contas de correo que non sexan da UDC. Ademais, poderán dirixirse aos profesores/as a través dos recursos non presenciais que ofrece a propia Universidade (Teams, Onenote, etc.) segundo a metodoloxía escollida por cada docente e que será explicada nos primeiros días de clase.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A9 A10 A11 A14 B6 B7 B8 B11 C1 C2 C3 C4 C8	Dos contidos expostos ao longo das sesións maxistras e correspondentes a cada tema do programa, os estudantes atoparán actividades na Plataforma Moodle ou entregadas no desenvolvemento da sesión que complementarán as explicacións de clase e poderán ter un valor de ata un 10 % da cualificación da asignatura.	10
Estudo de casos	A3 A4 A8 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8	As actividades prácticas plantexadas polo/a profesor/a da materia deberán ser realizadas nos prazos e coas condicións que para cada caso se estableza. As actividades prácticas podrán ter un valor de ata un 10% do total de cualificación da asignatura	10
Proba mixta	A1 A7	E requisito necesario aprobar esta proba para superar a asignatura, que ten un valor sobre o total de ata un 80%. Consistirá nunha proba escrita que poderá ser de preguntas abertas de desenvolvemento sobre os contidos da materia ou preguntas obxectivas ben tipo test, ben de respostas breves ou de completar contidos teóricos. Esta proba poderá completarse coa realización dun caso práctico sobre os contidos do programa.	80

Observacións avaliación



GRUPO DE SIMULTANEIDADE DE GRAOS DEREITO-ADE:

Neste grupo, a avaliación continua centrarase no "estudo de casos", cuxa cualificación obtida polos estudantes suporá o 40% da materia, outorgándose o 60% restante á proba mixta que será necesario aprobar para superar a materia.

Os/as estudantes que non poidan seguir a modalidade de avaliación continua deberán comunicalo ao profesorado da materia e poderán realizar un exame final, que comprenderá unha parte teórica (8 puntos) e outra práctica (2 puntos).

ESTUDIANTES CON DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE:

O profesorado responsable de cada grupo poderá establecer adaptacións específicas -en particular as consistentes en potenciar metodoloxías docentes non presenciais- no caso do estudiantado que tivera concedida unha dispensa de asistencia a clase.

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

As cualificacións obtidas na avaliación continua manteranse na segunda oportunidade. PLAXIO: O plaxio na realización de actividades ou probas determinará a cualificación de suspenso nas mesmas, sen prexuízo doutras responsabilidades que se poidan derivar da normativa académica da UDC.

Fontes de información



Bibliografía básica

- BLANQUER, David (Ultima edición). Derecho Administrativo, I y II. Tirant lo Blanch
 - MARTÍN REBOLLO, Luis (Ultima edición). Leyes Administrativas. Ed. Aranzadi
 - RODRIGUEZ-ARANA MUÑOZ, J., (2009). Código da Administración Galega. Netbiblo, A Coruña
 - SANTAMARÍA PASTOR, Juan Alfonso (Ultima edición). Principios de Derecho Administrativo General. Iustel
 - ESTEVE PARDO, J. (Ultima edición). Lecciones de Derecho Administrativo. Ed. Marcial Pons
 - GAMERO CASADO, Eduardo, FERNÁNDEZ RAMOS, S. (Ultima edición). Manual Básico de Derecho Administrativo. Ed. Tecnos
 - SÁNCHEZ MORÓN, Miguel (Ultima edición). Derecho Administrativo. Tecnos, Madrid
 - RODRIGUEZ-ARANA MUÑOZ, J., (Ultima edición). Derecho administrativo español. Introducción al Derecho administrativo constitucional. Netbiblo, A Coruña
 - (). .
 - CRAIG, Paul (2018). EU Administrative Law. Oxford University Press
 - FUENTETAJA PASTOR, Jesús (2019). Derecho Administrativo Europeo. Aranzadi
- RECURSOS NA INTERNET LEXISLACIÓN. 1. Fontes oficiais. A. Unión Europea: Diario Oficial da Unión Europea(antes DOCE), pódese consultar a texto completo, así como casi toda a normativa comunitaria vixente na páxina:<http://www.europa.eu.int/eur-lex/es> Para todo tipo de información sobre a Unión Europea e as suas Instituciones resulta fundamental a páxina: <http://www.europa.eu.int/> B. Estado español: Gaceta de Madrid e Boletín Oficial do Estado (este último nome dende o 25 de xullo de 1936), coleccións; é o texto oficial. A consulta das normas máis recentes está disponible na internet: <http://www.boe.es> Para o seguimento da tramitación parlamentaria dos proxectos de lei estatais poden consultarse as direccións de internet do Congreso dos Diputados e do Senado: <http://www.congreso.es> y <http://www.senado.es/> Para contactar e consultar información (tamén legislativa) das institucións e órganos do Estado existen varios portais públicos entre os que cabe destacar: <http://www.map.es/> ><http://www.minhap.gob.es> <http://www.administracion.gob.es> C. Comunidades Autónomas: Diarios Oficiais das distintas Comunidades Autónomas. A súa maior parte están disponibles en internet. Para a búsqueda de textos normativos nos diferentes boletíns oficials resulta moi útil a páxina (privada) de internet:<http://www.todalaley.com>; e tamén <http://www.boe.es> 2. Recopilacións privadas. - Repertorio cronolóxico de Lexislación Aranzadi dispoñible ?on line?, previa suscripción ou a través da Aula Aranzadi: <http://www.westlaw.es> - Bases de datos de lexislación vigente de La Ley: disponible ?on line?, previa suscripción, na páxina de internet:<http://www.laley.net> - Asimismo, existen outras editoriais xurídicas que ofrecen a información normativa ?moitas veces gratuita- a través de internet como por exemplo: <http://www.elderecho.com/>;<http://www.juridicas.com/>;<http://noticias.juridicas.com/>;<http://v2.vlex.com/es/> Para a consulta de diversos aspectos constitucionais, legais, institucionais do Dereito Público españolé sumamente interesante a gran base de datos mantida desde fai anos pola Área de Derecho Constitucional da Universidad de Oviedo, que se puede localizar en: <http://constitucion.rediris.es/Princip.html> II. XURISPRUDENCIA. A colección máis coñecida é a comúnmente denominada de Aranzadi. Está disponible ?on line? ou a través da Aula Aranzadi: <http://www.westlaw.es/> Asimismo, a editorial xurídica La Ley ofrece en soporte informático a xurisprudencia dos Tribunais españois, previa suscripción; cfr. <http://www.laley.net/> Non obstante, nos últimos tempos o Poder Xudicial español realizou un gran esforzo para informatizar os tribunais e a súa produción xurisprudencial. Grazas a ese esforzo, é posible dispoñer en internet un pleno acceso as resolucións xudiciais a través da páxina do Consello Xeral do Poder Xudicial que incorpora un útil buscador de xurisprudencia: <http://www.poderjudicial.es/tribunalsupremo/> Dende fai máis tempo, es posible consultar los últimos autos y sentencias del Tribunal Constitucional desde 1980) así como de un buscador temático de todas as emitidas polo Alto Tribunal na páxina: <http://www.tribunalconstitucional.es/> En canto a xurisprudencia comunitaria europea, en especial do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, sito en Luxemburgo, pode accederse a través do seguinte enlace:<http://curia.eu.int/es/content/juris/index.htm> Por último, tamén están dispoñiible en internet as últimas resolución do Tribunal Europeo de Derechos Humanos, sito en Estrasburgo, na dirección: <http://www.echr.coe.int/> III. PORTAIS E BASES DE DATOS (dispoñibles a través da páxina web da Biblioteca da UDC, pero sóo cos ordenadores conectados a rede universitaria): IUSTEL: <http://www.iustel.com/>; TIRANT ON LINE:<http://www.tirantonline.com/>; ADMIWEB: <http://www.admiweb.org/>



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- PARADA VÁZQUEZ, J.R. (Ultima edición). Derecho Administrativo. Marcial Pons- MORELL OCAÑA, L (Ultima edición). Curso de Derecho Administrativo. Aranzadi- GARCÍA ENTERRÍA, E. y FERNÁNDEZ-RODRIGUEZ, T. R. (Ultima edición). Curso de Derecho Administrativo. Civitas- ENTRENA CUESTA, R. (Ultima edición). Curso de Derecho Administrativo. Tecnos- COSCULLUELA MONTANER, L (Ultima edición). Manual de Derecho Administrativo. Civitas
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías